

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	CIENCIAS SOCIAIS	Pág.	
Curso / Ciclo	2º curso de Educación Primaria.		

CONTIDOS

- Vivimos en sociedade : a familia, o colexio, os amigos e os veciños.
- Normas de convivencia.
 - A localidade: o concello e os servizos públicos. O municipio
- Organización dunha localidade: municipio e concello; alcalde e concelleiros. Servizos municipais.
- Os planos e mapas: representación do contorno próximo.
- Manifestacións sociais populares: festas e tradicións.
- O medio natural e o ser humano. Os parques nacionais.
- A auga: propiedades , usos e estados da auga. Ciclo da auga. A importancia da auga para os seres vivos.
- O aire. O tempo atmosférico.
- Elementos da paisaxe: naturais e artificiais. Paisaxes de interior e de costa.
 - O medio natural e o ser humano.
- A Terra e o sistema solar. A atmosfera. A hidrosfera. Os movementos da Terra.
- Os medios de transporte: colectivos, individuais. Tipos. Educación viaria. Normas
- Os medios de comunicación: individuais e colectivos. A publicidade.
- As profesións e os traballos. os traballos na natureza, nas fábricas e talleres.
- O paso do tempo. Acontecementos do pasado e do presente. A roupa ao longo da historia.
- Restos do pasado. Personaxes da Historia.

OBXECTIVOS

- Valorar a relación coas persoas do noso contorno: colexio, familia e amigos.
- Recoñecer as principais normas de convivencia.
- Identificar os tipos de localidades: aldeas, vilas e cidades (barrio)
- Explicar que é o concello e cal é a súa función nunha localidade. Os servizos municipais.
- Localizar en planos elementos do contorno.
- Recoñecer os distintos tipos de mapas.
- Utilizar as Tecnoloxías da información e da Comunicación para buscar información sobre a localidade.
- Recoñecer e valorar diferentes manifestacións culturais populares.
- Coñecer algunhas festas e tradicións populares da súa localidade.
- Distinguir entre elementos naturais e elementos humanos dunha paisaxe.
- Investigar sobre os parques nacionais de España.
- Valorar a importancia do coidado e a protección dos espazos naturais.
- Recoñecer a auga como elemento natural, características... e comprender a súa importancia para a vida dos seres vivos.
- Identificar o ciclo da auga con axuda de debuxos.
- Identificar algunhas características do aire e os prexuízos da súa contaminación
- Coñecer algunhas nocións básicas sobre o tempo atmosférico.
- Recoñecer os distintos tipos de paisaxes: interior e costa.
- Determinar as principais características dunha paisaxe de montaña, de chaira e de costa.

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

- Diferenciar as paisaxes de montaña, de chaira e de costa.
- Coñecer que o planeta Terra é o medio natural dos seres humanos.
- Saber que o Sol é unha estrela que nos dá luz e calor.Coñecer e nomear os planetas que xiran ao seu arredor.
- Entender os movementos da Terra e a orixe do día e a noite.
- Os medios de transporte colectivos e individuais.
- Coñecer e respectar as normas básicas de educación viaria.
- Discriminar entre medios de comunicación colectivos e individuais.
- Coñecer que é a publicidade e para que se utiliza.
- Coñecer e identificar os tipos de traballo que se realizan na natureza, nas fábricas e os que dan servizos.
- Reflexionar sobre o paso e a medida do tempo, comprendendo os cambios que se producen nas persoas,na sociedade e na natureza.
- Coñecer algunhas modas doutras épocas.
- Valorar a importancia de respectar e coidar os restos do pasado para gozar deles no futuro.
- Coñecer algún personaxes relevantes e feitos históricos destacados.

METODOLOXÍA

O proceso de ensinanza-aprendizaxe que debe cumprilo seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegura-la construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Favorecer situacións nas que os alumnos e alumnas deben actualiza-lo seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos e alumnas, co fin de que resulten motivadoras.
- **Metodoloxía activa.**

Supón atender a aspectos intimamente relacionados, referidos ó clima de participación e integración do alumnado no proceso de aprendizaxe:

- Integración activa dos alumnos e alumnas na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
- Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensinanza/aprendizaxe.
- Metodoloxía participativa e globalizadora.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- A avaliación continua terá un momento inicial, unha continuidade e un momento final.
- Os instrumentos a utilizar: a observación directa do traballo diario na clase (seguimento do libro, cadernos, fichas e outras actividades realizadas)
- Tamén valorarei a actitude dos alumnos/as durante as sesións diarias